

ENCONTRO

**“Soñalo en grande, facelo posible”**



O 14 de novembro de 2024, no marco da **segunda edición de Somos Ponte** celebramos o encontro “Soñalo en grande, facelo posible”.

O punto de partida desta xornada era visibilizar a conexión –ás veces non moi evidente– entre as ONG galegas de cooperación que traballan nos países do Sur Global e o terceiro sector local.

Neste caso, a través dunha loita común moi concreta: o dereito a unha educación inclusiva.



Dende a Coordinadora Galega de ONGD, coa colaboración da Deputación de Pontevedra, quixemos que este encontro fora unha oportunidade: para coñecernos entre nós e para recoñecernos na defensa común dos dereitos humanos, cadaquén cos seus matices e nos seus ámbitos.

E, sobre todo, para aprender e inspirarnos de experiencias compartidas, diversas e impulsadas dende a convicción de que un mundo máis xusto, que non deixe a ninguén atrás, é posible.

Este documento recolle, pero sobre todo amplía, o que deu de si a xornada.



A educación inclusiva non é un eido de especialización de ningunha das organizacións socias da Coordinadora Galega de ONGD.

A maneira de traballar da cooperación galega -vinculada ás necesidades que trasladan de maneira directa as comunidades dos países do Sur Global a través das súas organizacións locais- fai que as organizacións de cooperación ao desenvolvemento desenvolvan liñas de traballo diversas baseadas na defensa dos dereitos humanos.

Isto converte automaticamente á inclusión nun eixo transversal da cooperación ao desenvolvemento: ningunha sociedade pode fortalecerse, ningún dereito que se acadade é tal, se deixa atrás aos seus membros.

Pero, aínda así, si que tiñamos unha experiencia arredor da educación inclusiva que queremos compartir: a da comunidade de Champerico (Guatemala) no desenvolvemento e creación dun centro pioneiro de recursos para a educación inclusiva, no que participaron as organizacións galegas Proyde e Arquitectura sen Fronteiras, de par da organización local Asiaprodi.

Esta experiencia inspiradora, recollida no [documental "Soñarlo en grande" \(producido pola ONGD Agareso\)](#) serviu de punto de partida á xornada.



Clica aquí para ver o documental



# QUERES SABER COMO EVOLUCIONOU O PROXECTO TRALA SÚA INAUGURACIÓN?

Aquí tes o testemuño de **Damián Vail**, líder comunitario de Champerico, histórico defensor de dereitos e coordinador da Asociación Indíxena Agropecuaria Pro-Desenvolvemento Integral (Asiaprodi).

Damián Vail estivo uns días antes da celebración deste encontro en Galicia, onde tivo ocasión de compartir -ademais doutros proxectos de cooperación desenvolto de par de Arquitectura sen Fronteiras- a experiencia do Centro de Recursos para a Educación Inclusiva que recolle o documental co conselleiro de Presidencia, Diego Calvo.

Este vídeo foi gravado expresamente para complementar o visionado do documental e incorporar a súa voz á conversa posterior. Nel fala de como evolucionou o proxecto, de como naceu da comunidade e de que supón o apoio da cooperación galega.



[Clica aquí para ver o vídeo](#)



O documental deu paso á conversa na que participaron:

Lara Medín, arquitecta e responsable de proxectos de cooperación de **Arquitectura sen Fronteiras**.

Érica García, orientadora do **CEIP do Foxo (A Estrada)**, premiado polas súas boas prácticas no eido da educación inclusiva.

Paula Tilve, responsable da Área de Educación e Públicos do **Museo Provincial de Pontevedra**.

Lolo Seoane, responsable do **Programa Educación-Fademga**

Paula Verde, impulsora do proxecto **“Mi mirada te hace grande”** e activista da plataforma **“Quererla es crearla”** a prol dunha educación inclusiva na que todas as persoas gocen dos mesmos dereitos e oportunidades.

Aquí tes un pequeno  
resumo



## ALGUNHAS IDEAS CLAVE DA CONVERSA...

- **A comunidade** no seu conxunto é clave na reclamación, pero tamén na defensa e no coidado dunha escola inclusiva.
- Hai que erradicar e superar a idea de que a inclusión é algo relacionado exclusivamente coa discapacidade.
- Hai que evidenciar o **valor da diversidade, na escola e fóra dela, como un elemento enriquecedor.**
- O alumnado que precisa, polas súas condicións, un sistema educativo inclusivo ten un dereito que está a ser vulnerado. Pero tamén ten un dereito que está a ser vulnerado quen non ten necesidades especiais, xa que se lle nega o coñecemento e o valor da diversidade. E porque **os recursos inclusivos son recursos para todas.**
- Ante o non, ante as dúbidas e as retincencias, tratemos de buscar aliados (en organizacións próximas, entidades con necesidades similares) inspiración en experiencias previas e artellar solucións: **un proxecto piloto que funciona é unha evidencia que avala calquera petición.**
- **Superar o concepto inclusión e pensar en cidadanía dun xeito máis amplo e acolledor, no que todas as persoas teñamos os mesmos dereitos e que nos interpele a todos por igual.**



A conversa, a pesar de que se alongou sobre o tempo previsto, quedóusenos moi curta.

Por iso, pedímoslle ás persoas que participaron nela que nos facilitaran información complementaria.



## PARA SABER MÁIS:



### Sobre Fademga-Plena Inclusión:

Publicacións relacionadas con educación inclusiva publicadas pola organización:

[https://www.plenainclusion.org/publicaciones/buscador/?sf\\_s=educacion](https://www.plenainclusion.org/publicaciones/buscador/?sf_s=educacion)

- <https://www.plenainclusion.org/publicaciones/buscador/posicionamiento-de-plena-inclusion-por-una-educacion-inclusiva-que-no-deje-a-nadie-atras/>
- <https://www.plenainclusion.org/publicaciones/buscador/educacion-2030-viaje-hacia-la-inclusion/>
- <https://www.plenainclusion.org/publicaciones/buscador/kit-iniciacion-viajar-educacion-inclusiva/>
- <https://www.plenainclusion.org/publicaciones/buscador/indicadores-para-una-hoja-de-ruta/> (esta saída da Pilotaxe de Transformación en Centros de Recursos da que se falou na conversa aberta)
- <https://www.plenainclusion.org/publicaciones/buscador/voces-y-perspectivas-de-los-centros-de-educacion-especial-sobre-barreras-y-apoyos-para-su-transformacion-en-centros-de-recursos/> (Estudo de casos e conclusións de toda a comunidade educativa, unha vez finalizada a Pilotaxe de Transformación en Centro de Recursos)





## Sobre o Museo Provincial de Pontevedra

Información sobre o proxecto “Compartindo espazos comúns”, relacionado coas Xornadas de Educación e Acción Cultural de Málaga (setembro 2024): <https://nube.galiciasolidaria.org/s/BfFqEkWbiEc4yBG>

O Museo tamén comparte a referencia publicada na revista Poliédrica: <https://www.poliedrica.cat/es/jornadas-deac-2024-encuentro/> ou estoutra referencia, nas redes do propio Museo: <https://www.facebook.com/photo.php?fbid=1051105863473705&set=pb.100057229038808.-2207520000&type=3>

Para coñecer máis o enfoque inclusivo da Área de Educación do Museo Provincial de Pontevedra podes consultar os seguintes enlaces:

- Na súa web especificase como un valor “o respecto á diversidade e a transmisión de principios e valores transversais”: <https://museo.depo.gal/gl/web/museo/museo/mision-vision-y-valores>
- Enlace ao apartado sobre conexión social onde se inclúe o servizo de visitas con intérprete en lingua de signos: <https://museo.depo.gal/educacion/conexion-social>
- Un exemplo dos diferentes obradoiros que se ofertan no seu programa educativo e cultural: <https://museo.depo.gal/web/museo/-/actividade-obradoiros-artisticos-experimentais-para-familias>
- <https://museo.depo.gal/coleccion/visita-virtual>





EDUCACIÓN INCLUSIVA.  
QUERERLA ES CREARLA

## Sobre o colectivo e plataforma Quererla es Crearla:

- Guía elaborada polos estudantes "Cómo hacer tu escuela inclusiva": [https://laaventuradeaprender.intef.es/wp-content/uploads/2023/07/52\\_RED\\_LADA\\_Como-hacer-inclusiva-tu-escuela-R1\\_03.pdf](https://laaventuradeaprender.intef.es/wp-content/uploads/2023/07/52_RED_LADA_Como-hacer-inclusiva-tu-escuela-R1_03.pdf)
- Guía "Cómo disentir" para familias: <https://octaedro.com/wp-content/uploads/2024/05/9788410282223.pdf>
- Guía para centros escolares, baseada na experiencia de La Parra, "Cómo hacer investigación-acción participativa" : [https://laaventuradeaprender.intef.es/wp-content/uploads/2024/10/Guia\\_Como\\_hacer\\_investigacion\\_accion\\_participativa.pdf](https://laaventuradeaprender.intef.es/wp-content/uploads/2024/10/Guia_Como_hacer_investigacion_accion_participativa.pdf)
- Campaña de redes "Y no pasa nada": <https://creemoseducacioninclusiva.com/creamos/y-no-pasa-nada/>
- O documental "Quererla es Crearla": <https://creemoseducacioninclusiva.com/creamos/el-documental-se-mueve/>
- Historias de vida recollidas na web: <https://creemoseducacioninclusiva.com/creamos/hilando-vidas/>



Tamén lle pedimos ás persoas que acudiron ao encontro que compartiran non só as súas necesidades respecto á educación inclusiva, senón tamén os recursos, experiencias ou metodoloxías propios que consideraban que podían compatir.

**A idea era xerar unha recompilación de necesidades e posibilidades ao abeiro deste encontro...**



# E ASÍ CONECTAMOS

NECESIDADES	POSIBILIDADES	ORGANIZACIONES (PERSONAS)
<p>Acceso libre a boas prácticas // Boas prácticas autoxestionadas // Boas prácticas e en contextos comunitarios</p>	<p>Escuelas Inclusivas e Interculturais: <a href="https://www.mpdl.org/noticias/guia-para-educacion-libre-racismo-xenofobia#sthash.muDnPQNY.dpbs">https://www.mpdl.org/noticias/guia-para-educacion-libre-racismo-xenofobia#sthash.muDnPQNY.dpbs</a></p>	<p><a href="#">Movemento pola Paz</a></p>
<p>Recursos para a saúde mental das docentes e do alumnado</p>	<p>Material de traballo para o traballo ca poboación escolar e profesorado na loita contra o Estigma das enfermidades mentales (Programas: Un Intruso no Meu Cerebro e Un Hacker no Meu Cerebro). Así como material de outros Programas que pode resultar de interese no fomento da sensibilidade en Saúde Mental</p> <p>Experiencia como terapeuta ocupacional, psicóloga xeral sanitaria e acompañante terapéutica con experiencia profesional (10 anos en Amecer-Aspace) en saúde mental, xeriatría e diversidade funcional: “ Todo comienza con aquello que no nos enseñan en las universidades, la capacidad para vincular con las personas para las que nos debemos como profesionales, respetar su individualidad y su manera de estar en el mundo. Sólo desde ahí se puede empezar a construir. ”</p>	<p><a href="#">A Fundación e Asociación Lar</a></p> <p>Rosana Sánchez (profesional independente)</p>



NECESIDADES	POSIBILIDADES	ORGANIZACIÓNS
Espazos de encontro nos que compartir coñecementos e experiencias profesionais	“Podemos aportar rede: somos rede. informamos, apoiamos, acompañamos, formamos e compartimos o traballo que facemos con outras persoas e entidades coas que colaboramos”	<a href="#">FOANPAS</a> . Federación de Asociacións de Nais e Pais de Alumnado de Vigo e Comarca.
Garantir os dereitos culturais para todas as persoas en igualdade	“Queda moito traballo por facer, pero podemos ofertar moito”	<a href="#">Museo Provincial de Pontevedra</a>
Formación específica e material de traballo práctico ca poboación infanto-xuvenil	Materiais educativos: <a href="https://view.genially.com/648c22ed0e68200011fb92fd">https://view.genially.com/648c22ed0e68200011fb92fd</a>  Punto Virtual de Educación: <a href="https://downgalicia.org/punto-virtual-educacion/">https://downgalicia.org/punto-virtual-educacion/</a>	<a href="#">Mans Unidas</a> (Pontevedra)  <a href="#">Down Galicia</a> (Pontevedra)



NECESIDADES	POSIBILIDADES	ORGANIZACIÓNS
Visión interseccional	<p><a href="#">Programa de educación para o desenvolvemento</a> a partir de diversos temas para IES e FP coa capacidade de adaptalos a actividades conxuntas sobre tecnoloxía inclusiva.</p> <p>Guía de feminismos e interseccionalidade:  <a href="https://www.mpdl.org/noticias/guia-feminismo-interseccionalidad-aulas#sthash.DRQMW8Xr.JsfdOHh5.dpbs">https://www.mpdl.org/noticias/guia-feminismo-interseccionalidad-aulas#sthash.DRQMW8Xr.JsfdOHh5.dpbs</a></p> <p>5 caminos para construír a paz dende a acción tutorial:  <a href="https://mueveteporlapaz.org/wp-content/uploads/2020/12/2012-22-cinco-caminos-paz-accion-tutorial.pdf">https://mueveteporlapaz.org/wp-content/uploads/2020/12/2012-22-cinco-caminos-paz-accion-tutorial.pdf</a></p>	<p><a href="#">Enxeñería sen Fronteiras</a></p> <p>Movemento pola Paz</p>
Prácticas de investigación - Acción-Participación (IAP)	<p>Posibilidade de contacto coas universidades públicas galegas e de propoñer liñas de investigación, TFG e TFM.</p> <p>“Podemos aportar rede: somos rede. informamos, apoiamos, acompañamos, formamos e compartimos o traballo que facemos con outras persoas e entidades coas que colaboramos”.</p>	<p>Enxeñería sen Fronteiras</p> <p>FOANPAS</p>



## NESTA XORNADA TECEMOS REDE:

- CEIP do Foxo (A Estrada)
- Quererla es Crearla
- Museo Provincial de Pontevedra
- FADEMGGA-Plena Inclusión Galicia
- Fundación IgualArte
- Arquitectura sen Fronteiras
- Solidariedade Internacional de Galicia
- Asociación Andaina de Persoas con Diversidade Funcional (Redondela)
- Movemento pola Paz
- Enxeñería sen Fronteiras
- XOGA
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia
- Xuntos-Down Pontevedra
- CEDDD Galicia
- COGAMI Pontevedra
- Fundación LAR Pro Salud Mental
- Colexio San José de la Guía
- Manos Unidas (Pontevedra)
- Centro de atención infantil e xuvenil de APAMP
- Amnistía Internacional
- Concello de Redondela
- Concello de Soutomaior
- Concello de Porriño
- Servizo de Xuventude da Deputación de Pontevedra
- Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra
- Coordinadora Galega de ONG de Desenvolvemento



# Somos Ponte

Compromiso local, xustiza global

